

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO IES RIBEIRA DO LOURO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. OBXECTIVOS
3. DIAGNOSE DA SITUACIÓN E MEDIDAS A ADOPTAR
4. MEDIDAS DE APOPIO E REFORZO
5. AVALIACIÓN
6. ANEXO: DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR

1. INTRODUCCIÓN

O presente Proxecto Lingüístico ten como obxectivo deseñar a planificación lingüística do IES Ribeira do Louro, segundo as directrices do Decreto 79/2010 de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Este decreto fai referencia, entre outras, á Lei de Normalización Lingüística de 1983, ao Plan Xeral de normalización da lingua galega e á Lei Orgánica de Educación (LOE) de 2006.

O obxectivo final da planificación lingüística do centro é que o alumnado acade a competencia lingüística necesaria para comunicarse nas dúas linguas oficiais da comunidade (galego e castelán) e nunha ou dúas linguas estranxeiras (no noso caso, inglés e francés). Este decreto sinala ademáis como obxectivos implantar hábitos lingüísticos en galego e facilitar o uso do galego en todos os niveis non universitarios. Por tanto, dentro do contexto socio-económico e cultural no que se atopa a nosa comunidade, o obxectivo final é o plurilingüismo (individual e social) como elemento de enriquecemento

intelectual e cultural e tamén como elemento que facilita oportunidades vitais de carácter práctico (inserción laboral, mobilidade, etc.).

O deseño deste proxecto lingüístico faise sobre a base do estudo da realidade sociolingüística da comunidade educativa do centro, con especial atención á do alumnado. A partir desa realidade establécense os obxectivos do proxecto e as medidas e actuacións propostas para acadalos. Finalmente establécese o procedemento oportuno para avaliar os obxectivos e o seu grao de consecución. Como anexo figura a distribución lingüística curricular, é dicir, que materias se dan en cada lingua, segundo acordo da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.

Convén sinalar, para aclarar o contexto do centro no que se desenvolve este proxecto, que a maioría do profesorado se manifestou publicamente en desacordo co Decreto de Plurilingüismo nun claustro celebrado o curso pasado, e que asimesmo o acordo de distribución lingüística curricular foi aprobado na Comisión de Coordinación Pedagóxica cun tamén elevado índice de abstención.

2. OBXECTIVOS BÁSICOS:

1. Frear o cambio lingüístico que se está a producir no noso instituto (V. Enquisa) e potenciar o uso da lingua galega entre o estudantado. Resulta prioritario adicar especial atención aos usos orais e cómpre traballar a eliminación dos prexuízos.
2. Mellorar a competencia lingüística en galego. É esencial reducir a inseguridade que algúns senten á hora de escribir e falar.
3. Mellorar a competencia en castelán.
4. Mellorar a competencia en linguas estranxeiras: inglés e francés.
5. Valorar as linguas que traen os estudantes que veñen de fóra da Galicia. É fundamental que lles demostramos que as respectamos e que nos sentimos interesados por elas. Cómpre darlles oportunidades para que

poidan mostrar as súas linguas e culturas, de xeito que todos nos poidamos arriquecer.

6. Pedir que nas programacións de todos os departamentos se teña en conta a competencia lingüística e a organización de actividades que a melloren: realizar exposicións orais, valorar a expresión (ortografía, puntuación, variación léxica e sintáctica) nos exames en materias non lingüísticas, ...
7. Explicitar as medidas para que o alumnado inmigrante e con necesidades educativas especiais poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.
8. Deseñarun conxunto de actividades complementarias para mellorar competencias e a calidade do ensino.

3. DIAGNOSE E MEDIDAS A ADOPTAR

A partir do estudo dunha serie de datos estatísticos sobre a realidade lingüística do noso centro, iremos apuntando as medidas que propomos adoptar para contribuírmos a solucionar os problemas detectados.

Enquisa ao estudantado

Durante o segundo trimestre do curso pasado realizamos unha enquisa no noso centro para coñecer de maneira precisa o uso da lingua galega e castelán entre os estudantes do IES Ribeira do Louro. Centramos a nosa análise na ESO (1º, 2º, 3º, 4º) e mais en 1º BACH., é dicir, naquel estudantado que vai fornecer posteriormente os grupos de 2º BACH, ciclos formativos ou educación de adultos, e efectuamos un total de 175 enquisas.

Á hora de deseñar o cuestionario, quixemos que este puidese reunir dúas características fundamentais, a de ser completo e a de resultar doado de cubrir nun tempo reducido (5 minutos).

Velaquí os resultados, a súa análise fundamental e as medidas a adoptar:

1. Que lingua falas ti normalmente?

Na casa	No instituto
a) Sempre en galego (20,5%)	a) Sempre en galego (9,1%)
b) Nas dúas, pero máis en galego (11,4%)	b) Nas dúas, pero máis en galego (14,3%)
c) Sempre en castelán (37,1%)	c) Sempre en castelán (32,5%)
d) Nas dúas, pero máis en castelán (27,4%)	d) Nas dúas pero máis en castelán (42,3%)
e) Noutras linguas (3,4%)	

-Como vemos non existe equilibrio e o galego está nunha clara situación de inferioridade. Neste intre non estamos mantendo nin sequera ese 32% de alumnado que vén da casa falando galego sempre ou de xeito principal (perdemos 8,6 puntos porcentuais). Coidamos entón que un obxectivo prioritario do Proxecto Lingüístico debe ser **deseñar actividades para frear este cambio lingüístico** que se está a producir.

2. Que lingua falan os teus familiares directos?

Pais	Avós
a) Sempre en galego (31,2%)	a) Sempre en galego (55%)
b) Nas dúas, pero máis en galego (19,7%)	b) Nas dúas, pero máis en galego (11,5%)
c) Sempre en castelán (30,9%)	c) Sempre en castelán (23,4%)
d) Nas dúas, pero máis en castelán (17,9%)	d) Nas dúas, pero máis en castelán (9,9%)

-Como vemos, a lingua predominante das familias dos nosos alumnos segue a ser o galego (o 51% no caso dos pais, e o 66% no dos avós). Por tanto, outro obxectivo do noso proxecto debe ser **que unha parte importante de alumnos recupere a lingua que lles é propia no seu**

contorno familiar máis inmediato. Debemos impedir que se tronche de xeito definitivo a transmisión lingüística entre pais e fillos. Temos que aumentar a autoestima cultural e lingüística do noso alumnado, facer que lles teñan cariño a lingua dos seus pais e dos seus avós.

3. *En que lingua te dirixes ao profesorado?*

En galego (10,8%) En castelán (31%) Segundo a lingua na que me fale (54%)

-Como vemos, a lingua do profesorado determina nunha maioría dos casos a lingua do alumno, polo que está nas nosas mans axudar a aumentar os cativos usos lingüísticos en galego por parte do estudantado. **Propomos pregarlle ao profesorado que nas súas relacións co alumnado fóra da aula utilice normalmente a lingua galega, e pedímoslle que faga o mesmo na súa relación coas familias. É esencial tamén solicitar o anterior ao persoal de administración e servizos.**

4. *En que lingua sentes maior seguridade para escribir e falar?*

Para escribir:

En galego (15,4%) En castelán (53,1%) Nas dúas (30,3%)
--

Para falar:

En galego (20%) En castelán (58%) Nas dúas (20,6%)
--

-Aínda que haxa que tratar con cautela estas respostas, ao se trataren de impresións expresamente subxectivas, coidamos que poden aproximarnos a un coñecemento sobre a comparación entre competencias galego-castelán no alumnado do noso centro:

A sensación de mellor competencia en castelán é claramente superior. Un obxectivo razoable neste aspecto sería aumentar a porcentaxe dos que se sintan con total seguridade nas dúas linguas, e polo menos equilibrar as porcentaxes dos que sintan máis seguros nunha lingua ou noutra.

Propomos como actividade de reforzo que nas clases de linguas estranxeiras nas que se poidan facer exercicios de tradución e contraste de linguas se lle dea tamén cabida ao galego (no caso de que non se faga).

5. *Pensas que se debería falar máis galego no instituto? Por que?*

Si (48%)
Non (40%)
Outras (5%)
Non sabe ou non responde (6%)

-Formulamos esta pregunta coa intención de analizarmos as actitudes lingüísticas do alumnado verbo da normalización do galego. Lendo os resultados e as respostas coas que xustificaban a súa opinión (lembramos que neste caso o tipo de resposta era aberta e non se lle presentaban opcións), podemos concluír que neste aspecto **as actitudes positivas cara a un maior uso do galego son claramente maioritarias.**

Dentro do 48% que responderon afirmativamente, podemos ler enunciados do tipo: *“Porque é a nosa lingua, porque vivimos en Galicia,*

porque se se perde o galego, a cultura de Galicia desaparece, porque debemos ter conciencia do noso idioma, porque é unha lingua que temos que coidar e é unha pena que se extinga, porque non hai moitos rapaces que o falen, porque cada vez estase usando menos, porque sempre está ben aprender outra lingua, porque hai que practicala, porque é unha lingua que precisamos, porque moitas persoas non saben falar ben o galego, porque así aumentan os falantes, para afacernos tamén a esta lingua, para coller soltura, porque fomentaría máis o uso do galego na vida diaria, porque os que falan galego tenden a falar máis castelán polas compañías, porque usar dous idiomas dáche máis “tablas” na vida, porque debemos acostumar os alumnos dende novos, porque é un idioma moi bonito, porque é a miña lingua e non son capaz de falala nada ben, porque debemos defender máis o noso idioma, porque somos galegos”. Como vemos, dentro deste grupo as actitudes positivas respecto do galego son evidentes e salientan especialmente as opinións que amosan a preocupación pola propia supervivencia do galego se non facemos algo (preto da metade das respostas van nesa dirección e conteñen as palabras: *perderse, extinguir, desaparecer, existir, conservar*).

Por outra banda, no grupo dos que responderon “non” a maioría das respostas non indican unha opinión negativa sobre o galego senón aquela que vai na liña de que se ten a sensación de que xa se fala bastante, que as cousas están bastante ben e que non cambiaría moito o que hai, ou a lóxica resposta de que como usa case sempre o castelán, o galego parécelle máis difícil. Con todo, parécenos importante salientar que **aínda existe un certo número de alumnos (un 6% do total de enquisas realizadas) que amosan de xeito explícito prexuízos sociais aínda non superados** respecto do idioma propio de Galicia e seguen respondendo: *“Non, porque o galego non me gusta”*.

Os que non responderon ou dixeron directamente que non sabían representan unha pequena porcentaxe (6%). Houbo tamén outros(5%) que non se posicionaron nin a prol nin en contra da normalización e

usaron a expresión *depende, hai persoas que xa o falan o suficiente e outras non, ou a min dáme igual, ou iso deberíano decidir os profesores.*

6. Está claro que para a normalización do galego podemos facer moito dende a escola ao ser un medio de socialización moi importante, aínda que loxicamente hai moitos factores sociais que xogan en contra. Un dos principais é o papel que xogan os medios de comunicación, a maioría en castelán, e quixemos preguntarlles aos nosos alumnos directamente por eles. En primeiro lugar polo grao de consumo e por outra parte sobre en que medida entran tamén dentro das súas preferencias, dentro da oferta existente, os programas en galego:

Canto tempo ves a televisión ao día (aprox.)?

Nada (2,3%)
½ h (5,1%)
1 h (18,8%)
2 h (35,4%)
3 h (18,8%)
4 h (5,7%)
5 h ou máis (2,8%)
Non sabe ou non responde (10,8%)

Os datos sobre a cantidade de tempo que os nosos rapaces e rapazas pasan de xeito pasivo diante dun aparello de televisión son enormemente preocupantes para a súa educación integral: fixémonos que o 27,3% ve a televisión tres horas ou máis todos os días. Parece claro que **cómpre concienciar as familias (sobre todo a través das titorías) para que o alumnado faga un uso moito máis moderado deste medio de comunicación**, de xeito que aquela porcentaxe se reduza drasticamente. Se conseguíssemos que eses estudantes investisen ese tempo noutras actividades, semella evidente que contribuiría a unha mellora do seu rendemento académico.

Ves algún programa en lingua galega?

Si (55%)
Non (35%)
Non sabe ou non responde (9%)

7. *Les normalmente libros pola túa conta, sen que cho manden os profesores?*

Si, pero só durante as vacacións (29,3%)
Si, e tamén durante o curso (41,3%)
Non, só leo os libros que me mandan ler no instituto (28,7%)
Non responde (0,6%)

Entre eses libros de lectura voluntaria, hai ás veces títulos en galego?

Si (75%)
Non (24%)
Non responde (3,5%)

Pregunta importante para o reforzo da competencia lectora e lingüística do noso alumnado. Temos unha porcentaxe bastante alta dos que podemos considerar moi bos lectores (41%), aqueles que len sen que llo manden durante as vacacións e ao longo do curso. Aquí cumprirá seguir traballando para **conseguir que ese 28% dos alumnos que confesan ler só os libros que lle mandan ler no instituto se afeccionen a ler de cando en vez por pracer.**

Como vemos, entre os bos lectores, a disposición para ler en galego é moi favorable, o que resulta un aspecto moi positivo.

Enquisa ao profesorado

Data: setembro do 2010, no primeiro claustro antes do comezo do curso.

Número de enquisas: 52.

1. *Que lingua falas ti normalmente fóra das aulas?*

Sempre en galego (19,2%)
Sempre en castelán (25%)
Nas dúas pero máis en galego (25%)
Nas dúas pero máis en castelán (30,7%)

2. *Sinala o teu grao de capacidade para empregares o galego na actividade docente:*

Moi baixa (1,9%)
Baixa (11,5%)
Media (36,5%)
Alta (26,9%)
Moi alta (23%)

No caso de que a túa resposta anterior fose “moi baixa, baixa ou media”, estarías disposto a facer un curso para mellorar a túa competencia en lingua galega?:

Si (40,7%)
Non (59,2%)

3. *Pensas que deberíamos facer un maior esforzo para conseguir que os nosos estudantes empreguen máis a lingua galega no instituto?:*

Si (44%)
Non (38%)
Xa fago todo o que podo (7,7%)
Outras (“ <i>non coñezo a realidade do centro</i> ”, ...) (5,7%)
Non responde (3,8%)

Destes resultados desexamos salientar agora que no estratéxico sector do profesorado aínda existe unha considerable porcentaxe (13%) que admite que posúe unha competencia baixa ou moi baixa en galego. Evidentemente, resulta complicado aspirarmos a mellorar a competencia do alumnado se non facemos algo neste aspecto. Un obxectivo do Proxecto Lingüístico debe ser **facilitar aos profesores o perfeccionamento da súa competencia mediante a organización de cursos de galego no propio centro** (unha importante porcentaxe deles amosaron a súa disposición favorable a facelos: en números concretos, once).

Ademais das propostas concretas que se foron apuntando, debemos facer referencia a todas as actividades contempladas no proxecto de fomento do uso do galego deste curso, nodeseñamos moitas **angueiras que teñen que ver cos usos orais e escritos e que poden conectar cos intereses dos estudantes: cinema, teatro, edición do noso xornal *Órbita*, radio e *podcast*, dobraxe, contacontos inglés-galego, composición musical...**, adobiada ademais cunha metodoloxía que quizais resulte especialmente novidosa e atractiva para os rapaces e rapazas, como no caso da creación de escenarios virtuais en 3D. Tamén é fundamental salientar as actividades desenvolvidas polo noso equipo de biblioteca para a mellora da competencia lectora: **creación de clubs de lectura en distintos niveis académicos**, etc. Ademais, é a nosa intención neste curso pór en marcha un grupo de traballo coa finalidade der sermos quen de **elaborar unha revista dixital** na que colabore toda a comunidade educativa do IES Ribeira do Louro.

4. MEDIDAS DE APOIO/REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO

Alumnado inmigrante ou doutras Comunidades Autónomas españolas e alumnado con necesidades educativas especiais.

No noso centro, como reflexo da sociedade actual, convive alumnado diverso: alumnado cun bo rendemento académico xunto con alumnado con necesidades educativas especiais derivadas dalgunha discapacidade, alumnado con atraso escolar que precisan adaptacións significativas do currículo, alumnado desmotivado, con actitudes e/ou comportamentos inaxeitados ante as aprendizaxes escolares, e tamén alumnado cunhas características culturais ou sociais que se afastan dos da maioría,

Dentro deste último grupo, atópase o alumnado inmigrante, de distintas procedencias, ao que debemos adicar un apartado especial neste Proxecto Lingüístico de centro, xa que as necesidades educativas que presentan, sobre todo os que descoñecen as dúas línguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, requiren dunha atención específica que lles permita acadar unha axeitada competencia comunicativa nos dous idiomas, dada a importancia do dominio da lingua no éxito ou fracaso escolar.

Na realidade actual do centro, contamos con alumnado inmigrante en varias etapas educativas. O número máis elevado este curso académico corresponde á ESO, cun total de 11 alumnos (5 procedentes de Marrocos, 3 de Uruguai e 2 de Brasil e 1 de Colombia). Os ciclos formativos superiores escolarizan 7 alumnos procedentes de distintos países (1 de Venezuela, 1 de Arxentina, 1 de Suíza, 1 de Ucraia, 1 de Uruguai, 11 de Portugal e 1 de Marrocos); nun PCPI hai un alumno de Brasil e en Educación de Adultos, en diferentes niveis temos 2 alumnas de Colombia, 1 de Uruguai e 1 de Marrocos.

Xa que moitos destes alumnos son hispanofalantes ou levan varios anos no noso país, non presentan problemática en canto a uso do castelán ou mesmo do galego. Sen embargo, sí se da esta situación no caso dunha parte do alumnado marroquí escolarizado na ESO, chegados recentemente e que

presentan a necesidade de aprendizaxe do idioma como paso previo para incorporarse ás clases.

É con este alumnado co que temos que tomar decisións no terreo lingüístico que impliquen tanto a consecución do éxito escolar como a súa verdadeira inclusión no centro. Consideramos, por outra banda, que esta é unha oportunidade para desenvolver valores de respecto e comprensión cara ao diferente e de poñer en práctica principios que sempre defendemos, como a integración, a diversidade na aula ou a atención individualizada ao alumnado.

En suma, consideramos que a diversidade cultural é, ademais dunha riqueza, un bo recurso no centro para acadar unha educación inclusiva real baseada na convivencia intercultural.

Polo tanto, no caso do alumnado de orixe extranxeira e que xa leva anos no noso país, dado que non teñen tanta necesidade dun apoio específico respecto do uso do idioma, o desexable é aproveitar a presenza dun idioma diferente (portugués, francés, árabe...) na vida diaria das aulas. O mesmo ocorre co alumnado procedente doutras comunidades autónomas españolas, que poden aportar algo no enriquecemento do vocabulario do resto do alumnado.

No caso do alumnado que chegue por primeira vez tanto ao noso país como ao noso centro, con descoñecemento do idioma, porase en práctica o protocolo de actuación recollido no documento do centro “Plan de acollida a alumnado extranxeiro”, que inclúe, seguindo a normativa vixente, a aprendizaxe intensiva do castelán e, progresivamente do galego durante alomenos un trimestre, coa asistencia a determinadas clases que requiren menor competencia lingüística (Educación Física, Educación Plástica, aquelas nas que se utilice sistemáticamente as TIC...), onde se garantizan espazos comúns de socialización dende o primeiro momento. O profesorado de Pedagogía Terapéutica asumirá nun principio esta inmersión lingüística intensiva ao mesmo tempo que proporcionará o soporte emocional que necesita este alumnado (que ata o de agora, no noso centro, incorpórase de xeito individual segundo vai chegando) . Ao mesmo tempo, procurarase que estes alumnos non estean illados e participen en todo aquilo que sen

necesidade de expresión oral ou escrita poidan intervir con niveis nulos ou básicos de coñecemento do idioma (actividades artísticas, de música...).

Tamén nestes momentos iniciais de escolarización é importante valorar xa a súa propia lingua, polo que o profesorado de PT aportará por escrito ao resto de profesorado implicado as fórmulas de presentación básicas: saúdo, benvida, etc no idioma de orixe do alumno.

En todo caso, solicitarase sempre a colaboración doutras persoas da comunidade educativa presentes no centro (profesorado, alumnado, persoal non docente) con coñecemento do idioma do novo alumno.

En canto á documentación que se lles proporciona inicialmente, tanto a eles como ás familias, farase no idioma de orixe (horario do alumno, información sobre o sistema educativo, sinalización das dependencias do centro...).

Unha posible actividade a realizar por parte do alumnado da ESO (pode facerse, por ex. na hora de titoría na aula o nas clases de Educación Plástica) sería a realización de carteis na lingua de orixe do novo compañeiro inmigrante que representen lugares comúns no centro : biblioteca, cafetería, salón de actos...) que poden colocarse de xeito provisional durante as primeiras semanas e que a un tempo que facilitan a este novo alumnado o coñecemento destes espazos tamén son indicativos para eles da importancia que lles concedemos á súa lingua de orixe.

Aquelas linguas que presentan grandes diferencias co castelán e o galego (caso do árabe), supoñen unha dificultade engadida no proceso de ensinanza-aprendizaxe, en aspectos como lateralidade, diferencias fonéticas, gráficas, sintácticas... polo que haberá que incidir moito máis nesas cuestións no apoio a este alumnado, sobre todo ao principio.

No relativo á aprendizaxe por parte destes alumnos da lingua galega, deberanse fomentar en xeral actitudes positivas, dado que é unha lingua máis a dominar e coa que, por ex. o alumnado marroquí adoita ter dificultades. Neste sentido, propomos a creación dun voluntariado de alumnos que se presten a conversar en galego con eles nos recreos dun xeito relaxado.

Naquelas actividades do centro que empreguen expresamente a lingua oral ou escrita fomentárase a participación destes alumnos coa súa propia lingua (semana de actividades da biblioteca, por ex.).

Finalmente, citar a presenza no centro doutro tipo de alumnado, como por ex. alumnado con discapacidade visual (actualmente temos un alumno escolarizado na ESO) que emprega tamén en grande medida o Braille e que nos permite amosar ao resto do alumnado, sobre todo aos compañeiros do seu grupo, de xeito real a existencia doutros códigos comunicativos escritos, polo que se terá en conta tamén nas actividades programadas relacionadas coa lingua.

Alumnado con problemas de atraso escolar

Este alumnado, segundo recolle a normativa vixente, pode recibir clases de reforzo e apoio, en vez de Francés. Este reforzo será nas materias instrumentais, é dicir, as dúas linguas oficiais e as matemáticas. Se as circunstancias o requirisen tamén se pode aplicar ao alumnado unha adaptación curricular nas materias de linguas. A parte destas dúas medidas de atención á diversidade, os distintos departamentos deberán ter en conta o factor lingüístico como determinante á hora de poder seguir o desenvolvemento curricular da materia e deseñar dentro das súas programacións actividades que poidan ser realizadas por este tipo de alumnado.

Deberán potenciarse as catro destrezas lingüísticas para acadar unha competencia lingüística equilibrada. Neste sentido os departamentos deberán reflexionar sobre a pouca importancia que tradicionalmente se lle deu á comunicación oral e tratarán de fomentar a escoita activa e crítica e a expresión oral coherente e razoada.

Alumnado en xeral

O exposto no parágrafo anterior é extensible a todo o alumnado. Os departamentos velarán porque haxa actividades que reforzen o aspecto oral da lingua, en especial a expresión, pero tamén a escoita, posto que sempre se tende a reforzar a expresión escrita e nos atopamos con frecuencia com alumnos/as que non se expresan oralmente con coherencia e fluidez, non saben defender unha idea con razonamentos válidos, non sabe escoitar e respectar o turno de palabra, etc. Serían recomendables actividades máis frecuentes que implicasen o uso oral da lingua (exames orais, presentacións, debates, xuízos ficticios, manifestacións musicais de improvisación oral, etc.) Os departamentos, por tanto deberán aportar as súas achegas á mellora da competencia lingüística do alumnado, posto que esta non depende só das materias de linguas (oficiais e estranxeiras), senon que son responsabilidade de todo o profesorado. Tamén se suxire que valoren, en relación co exposto neste proxecto, a variedade lingüística do alumnado estranxeiro aportando textos ou referencias ás linguas e/ou países de procedencia.

Finalmente suxírese tamén que o profesorado, aínda que non lle corresponda dar a súa materia en galego, faga algún tipo de actividade que lle dea protagonismo, como por exemplo introducir de cando en vez textos ou referencias que contribúan a prestixiar ese idioma

4. AVALIACIÓN

Anualmente avaliarase o resultado das medidas propostas neste proxecto, tanto as tendentes a fomentar a lingua galega como a mellorar a competencia lingüística do alumnado. Asimesmo, avaliarase o conxunto de programas e actividades para o fomento e dinamización do galego realizados polo centro cada curso. A partir desta avaliación, que figurará como addenda a este proxecto de xeito anual, elaborárase o plan de fomento e dinamización do curso seguinte.

Coa frecuencia que se acorde realizarase unha enquisa similar a realizada para este proxecto coa finalidade de comparar os resultados e estudar posibles cambios relacionados coas actuacións presentadas.

O seguimento deste proxecto ao longo dos cursos será realizado polos xefes dos departamentos de linguas, o coordinador do EDL, a xefa do departamento de orientación e dous profesores/as máis.